

09 Enero de 2012 - Revista 850

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

NOVAS E ANUNCIOS / 2

NOVAS E FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 6

EMPREGO / 8

NOVAS E ANUNCIOS EN PORTADA

Un total de 250 mozos e mozas participarán no III Encontro galego de mobilidade que se celebrará en febreiro na Coruña



Luns, 09 Xaneiro 2012 08:37

O prazo de inscrición comeza mañá, e estará aberto ata o 21 de xaneiro na páxina web: <http://xuventude.xunta.es>.

Durante o encontro presentarase un libro que recolle os proxectos de mobilidade xuvenil xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude durante o ano 2011.

Un total de 250 mozos e mozas participarán no III Encontro galego de mobilidade, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, e que se celebrará o vindeiro 4 de febreiro na cidade da Coruña. O prazo de inscrición para participar no mesmo comeza mañá, 9 de xaneiro, e estará aberto ata o 21 de xaneiro na páxina web: <http://xuventude.xunta.es>.

Este encontro diríxese aos participantes de programas europeos de mobilidade xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, como son 'Xuventude en Acción', 'Leonardo da Vinci (MOGAL)' e 'A Xuventude no Mundo'. Tamén poderán participar técnicos de xuventude e de servizos sociais, dinamizadores xuvenís, entidades prestadoras de servizos sociais, líderes de asociacións xuvenís e mozos en xeral interesados na temática da mobilidade.

Os obxectivos desta xornada son, entre outros, ofrecer un lugar de encontro para o intercambio de experiencias entre mozos e mozas que participaron nos distintos programas europeos de mobilidade existentes; e fomentar o Servizo de Voluntariado, tanto local como europeo, como experiencia de aprendizaxe non formal na adquisición de habilidades persoais e profesionais. A xornada pretende ser un marco para promover e fomentar a participación xuvenil na sociedade.

Modelos de éxito

A través desta actividade presentarase modelos exitosos de proxectos realizados en Galicia e que son exemplos de boas prácticas. Serán os propios mozos os que transmitan a outros mozos as súas experiencias e o procedemento que seguiron para poñer en marcha os seus proxectos. Ademais poderán debater e expoñer as súas ideas sobre diversas temáticas a través de obradoiros que se realizarán ao longo da xornada.

De outra banda, durante o encontro presentarase un libro que recolle os proxectos de mobilidade xuvenil xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude durante o ano 2011, concretamente, 'Leonardo da Vinci (MOGAL)', 'Xuventude en Acción' e 'A xuventude no mundo

III'. Será un libro onde o protagonista sexa o traballo dos mozos e mozas galegos, das organizacións galegas e dos grupos informais para o fomento da cidadanía europea en Galicia, así coma a participación xuvenil na sociedade.

Ao longo de 2011 un total de 877 mozos e mozas participaron nalgún dos 54 proxectos do programa europeo 'Xuventude en Acción' aprobados en Galicia. Pola súa banda, o proxecto MOGAL facilita a inmersión no mundo laboral de 187 mozos e mozas galegos mediante a posibilidade de facer prácticas laborais en empresas acordes co perfil profesional de cada participante ao mesmo tempo que mellora o coñecemento cultural e lingüístico do país de destino: República Checa, Italia, Francia, Irlanda e Holanda. No transcurso de 2011 foron 138 mozos e mozas os beneficiarios destas bolsas, e 49 realizarán as súas prácticas no comezo deste ano.

Na terceira edición da 'Xuventude no Mundo' participaron máis de 150 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que tiveron a oportunidade de coñecer outra cultura, idioma, costumes e formas de vida, é dicir, apostar pola comprensión da diversidade sociocultural, da aprendizaxe de técnicas non formais que facilitan a convivencia e interacción entre persoas de distintas rexións. Todo isto a través da asistencia activa en actividades cos participantes dos países de acollida, pertencentes a outros entornos, adquirindo deste xeito experiencia e coñecementos mediante unha educación non formal.

Os países cos que se levaron a cabo os intercambios foron Italia, Francia, Hungría, Colombia, Chile, República Checa, Rusia, Moldavia, Armenia, Arxentina e Portugal.

Así mesmo, no eido da mobilidade, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en 2011 promoveu 24 prazas de mobilidade creativa en Francia, Reino Unido e Portugal dentro do proxecto 'Imaxina Atlántica', proxecto que promove os intercambios profesionais no eido da arte dixital, co fin de empregar os recursos que ofrecen as novas tecnoloxías da imaxe.

Atoparás toda a información sobre o Encontro de mobilidade aquí: <http://xuventude.xunta.es/201112275883/iii-encontro-galego-de-mobilidade-xuvenil.html>.

NOVAS E ANUNCIOS NOVAS E ACTIVIDADES

Circuito de creatividade: actuación dos gañadores do Xuventude Crea na modalidade de teatro o próximo 21 de xaneiro

Mércores, 04 Xaneiro 2012 12:04

Dentro do Circuito da creatividade posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, o grupo Mequetrefes Teatro representará a obra gañadora na modalidade de teatro do certame de creadores novos Xuventude Crea, "In – comunicando", o próximo 21 de xaneiro ás 20:30 horas no Teatro Principal de Ourense, sito na rúa da Paz, nº 9 – Ourense. A entrada será de acceso libre, ata completar aforo.

"In – comunicando" é unha obra de corte experimental que transgrede a unidade clásica, un exercicio teatral que intenta provocar a

turbación do espectador a través dun acto comunicativo. Son diversas historias e personaxes que se vinculan polo “leitmotiv” da incomunicación.



Este grupo teatral actuará así mesmo o vindeiro 18 de maio na localidade pontevedresa de Vilagarcía de Arousa.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado puxo en marcha o Circuito de Creatividade 2011 coa finalidade de dar a coñecer os traballos dos finalistas no Certame Galego de Creadores Novos 2009 e 2010, Xuventude Crea.

O Circuito de Creatividade 2011 iniciou a súa andaina en xuño coa exposición dos finalistas da especialidade de moda na cidade da Coruña, seguindo cunha exposición de artes plásticas e videocreación no Porto (Portugal) no mes de xullo. Con estas dúas especialidades de artes plásticas e videocreación, o Circuito de Creatividade continuou durante o segundo semestre do 2011 nas vilas de Betanzos, Lalín, Vilagarcía de Arousa e Tui. Actualmente atópase en Santiago no Centro Coordinador de Documentación e Información Xuvenil.

Esta exposición de artes plásticas e videocreación desprazarase ata Ourense no mes de febreiro, estando presente no Espazo Xove de Ourense dende o 15 de febreiro ata o 13 de marzo.

Os autores que expoñen os seus traballos son Beatriz Suárez Saa, Miguel Cuba Taboada, Rodrigo Currás Torres, Julia Aranda Girón, Juan Silva Cabral, Marta González Suárez, Sofía Grandío Barrio, Daniel Diéguez, Diego Pintos, Sabela Pernas Soto, Cristina Ferreiro Real e Pablo González Muñiz.

Novos establecementos adheridos ó Carné Xove

Mércores, 04 Xaneiro 2012 12:09

• OPTICALIA CALLAO

www.opticaliacallao.com

- A Coruña - As Pontes

Opticalia Callao

Avda. Galicia, 49 baixo
15320 As Pontes (A Coruña)
Tel. 981 452 270

- Lugo

Opticalia Callao



Plaza Mayor, 8 baixo
27001 Lugo
Tel. 982 252 580

Opticalia Callao

C.C. As Termas
Avda. Infanta Elena, s/n
27003 Lugo
Tel. 982 264 314

Opticalia Callao

Rúa Raiña, 23 baixo
27001 Lugo
Tel. 982 264 312

Desconto

15% en todas as compras de óptica, contactoloxía e audioloxía. Estos descontos non son compatibles con ningún outro desconto, nin promocións en vigor, en calquera Centro Opticalia.

Roteiros de inverno: programa de saídas de fin de semana



Xoves, 05 Xaneiro 2012 20:20

O próximo 17 de xaneiro abre o prazo de inscrición en Roteiros para a xuventude (<http://xuventude.xunta.es/roteiros-para-a-xuventude.html>), un programa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que consiste en saídas de fin de semana co obxectivo de ofertar á xuventude novas experiencias e alternativas para o tempo libre, así como a transmisión e coñecemento de valores como a convivencia, a cooperación, o compañerismo, entre outros, favorecendo as relacións interpersoais e a creación dun bo ambiente grupal que lle permita acceder a un tempo libre de calidade.

Ofértase un total de 336 prazas, 96 no Albergue Xuvenil de Gandarío en Bergondo (A Coruña) e 240 no Aeródromo da Ferverza – Pazos no Concello de Mazaricos (A Coruña), entre os meses de febreiro e marzo.

Un total de oito fins de semana onde a oferta de actividades é variada: dende windsurf e barco escola, piragüismo, rappel, escalada en rocódromo ata kaiak, paintball e navegación en cruceiro. O paquete de actividades inclúe veladas temáticas (náutica e medieval, respectivamente).

Accreditación de competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral



Luns, 09 Xaneiro 2012 08:45

A Consellería de Educación convoca procedemento para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación.

Requisitos:

Ter cumpridos no momento de realizar a inscrición 18 anos para as unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel I e 20 anos para as unidades de competencia de nivel II e III.

Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar: no caso de experiencia laboral, xustificar polo menos tres (3) anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos dez anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria, para unidades de competencia de niveis II e III e, para unidades de competencia de nivel I, xustificarán polo menos 2 anos cun mínimo de 1.200 horas traballadas en total.

No caso de formación, xustificar polo menos 200 horas para unidades de competencia de nivel I ou 300 horas para as unidades de competencia dos niveis II e III, nos últimos dez anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria.

As persoas candidatas non poderán estar matriculadas nin cursando simultaneamente un curso de formación profesional inicial (ordinario ou modular), nin para o emprego conducente á acreditación das unidades de competencia en que soliciten a súa inscrición. Tampouco poderán ter completado un curso de formación profesional inicial nin de formación para o emprego polo cal teñan dereito á acreditación directa das mesmas unidades de competencia que agora se convocan.

• Ciclos e cualificacións:

Administración e xestión:

- CM Xestión administrativa.
- Actividades de xestión administrativa

Electricidade e electrónica:

- CM Instalacións eléctricas e automáticas.
- Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións de edificios
- Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión
- CM Instalacións de telecomunicacións
- Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións de edificios
- Montaxe e mantemento de instalacións de megafonía, sonorización de locais e circuíto pechado de televisión
- Montaxe e mantemento de sistemas de telefonía e infraestruturas de redes locais de datos

Enerxía e auga:

- CS Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica
- Eficiencia enerxética de edificios

Fabricación mecánica:

- CM Soldadura e caldeiraría
- Soldadura
- Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial

Hostalaría e turismo:

- CM Cociña e gastronomía
- Panadaría e bolaría
- Cociña
- Pastelería e confeitaría
- Repostaría
- CM Servizos en restauración
- Panadaría e bolaría
- Cociña
- Pastelería e confeitaría
- Repostaría
- Servizos de restaurante
- CS Xestión de aloxamentos turísticos:
- Recepción

Industrias alimentarias:

- CM Aceites de oliva e viños
- Elaboración de viños e licores

Madeira, moble e cortiza:

- CM Carpintaría e moble
- Mecanizado de madeira e derivados

Química:

- CS Laboratorio de análise e control de calidade
- Análise química

Sanidade:

- CM Emerxencias sanitarias
- Transporte sanitario
- Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes
- CM Farmacia e parafarmacia

- Farmacia

Servizos socioculturais e á comunidade:

- CS Educación infantil
- Educación infantil

Téxtil, confección e pel:

- CM Confección e moda
- Ensamblaxe de materiais

Transporte e mantemento de vehículos:

- CM Electromecánica de vehículos automóbiles
- Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles
- Mantemento do motor e dos seus sistemas auxiliares
- Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos

O prazo de presentación de solicitudes será desde o 16 de xaneiro de 2012 ao 15 de febreiro de 2012.

Máis información no DOG do 9 de xaneiro de 2012, <http://www.edu.xunta.es/fp/acreditacion> e en www.edu.xunta.es/fp

Gañador de unha camiseta oficial do equipo de baloncesto Monbus OBRADOIRO CAB co Carné Xove



Luns, 09 Xaneiro 2012 10:54

O gañador no sorteo realizado este luns, 9 de xaneiro, dentro do programa do Carné Xove, e no que o premio consistía nunha camiseta oficial do equipo de baloncesto Monbus OBRADOIRO CAB, foi: DAMIAN PEREZ ALVAREZ
Noraboa!

Entra no sorteo de un lote de libros en galego e castelán co teu Carné Xove

Luns, 09 Xaneiro 2012 11:05



Desde o luns, día 9 de xaneiro e ata as 9:00 h. do venres, día 13 de xaneiro, ábrese o prazo para o novo sorteo do programa Carné Xove.

Sortéase un lote de libros en galego e castelán.

Para participar tes que cubrir este formulario: <http://xuventude.xunta.es/promocion-do-carne-xove-a-traves-de-xuventudenet.html>.

Aqui podes consultar as bases do sorteo: http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/carnes_mocidade/bases_sorteo_carne_xove.pdf.

NOVAS FORMACIÓN

OUTROS CURSOS

Cursos de lingua galega para adultos e colectivos



Luns, 09 Xaneiro 2012 08:57

A Secretaría Xeral de Política Lingüística fai unha convocatoria pública para solicitar a participación en cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para particulares (adultos) e colectivos, entidades e/ou organizacións, con carácter voluntario e gratuito.

Establécese como data límite para a presentación de solicitudes para todos os cursos o 30 de xaneiro de 2012.

Máis información no DOG do 9 de xaneiro de 2012 e en <http://www.xunta.es/linguagalega>.

NOVAS FORMACIÓN

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso Monitor tempo libre en Pontevedra



Mércores, 04 Xaneiro 2012 13:17

A Escola de Tempo Libre Paspallás organiza un curso de Monitor/as de tempo libre en Pontevedra. Datos: 14 de xaneiro ao 22 de abril de 2012.

Máis información en www.etlpaspallas.org e no teléfono 986 865 884 ou 685 137 519

Curso Monitor de ocio e tempo libre en Pontevedra



Mércores, 04 Xaneiro 2012 13:12

A Escola de Tempo Libre Fesán organiza dous curso de Monitor/a de ocio e tempo libre en Pontevedra.

Datas:

- do 16 de xaneiro ao 14 de marzo de 2012.

- do 21 de xaneiro ao 14 de abril de 2012.

Máis información en Fesán, teléfono 986 848 258.

Curso Monitor tempo libre en Caldas de Reis



Mércores, 04 Xaneiro 2012 13:06

Pasatempos Escola de Tempo Libre organiza un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Caldas de Reis.

Datas: 14 de xaneiro ao 1 de abril de 2012.

Máis información en www.pasatemposetl.com.

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

Axuda complementaria do Programa Erasmus



Martes, 03 Xaneiro 2012 08:10

A Consellería de Educación convoca axudas complementarias ao programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza, destinadas aos estudantes seleccionados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia ou polos centros asociados da UNED en Galicia que participan no citado programa de mobilidade universitaria durante o curso 2011/2012.

Requisitos:

- Ser cidadán da Comunidade Europea ou estranxeiro non comunitario con residencia legalizada no Estado.
- Estar matriculado no curso 2011-2012 en calquera das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia ou nos centros

asociados da UNED nesta comunidade autónoma para realizar estudos universitarios oficiais conducentes aos títulos universitarios de graduado, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, diplomado, mestre, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

c) Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario da axuda achegada pola Unión Europea no marco do Programa de aprendizaxe permanente para participar na acción de mobilidade para estudos dentro do

Programa Erasmus ou do Goberno de Suíza.

A duración mínima da estadía deberá ser de tres meses e a máxima que se computará para os efectos de concesión de bolsa de nove meses.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 27 de xaneiro de 2012.

Máis información no DOG do 27 de decembro de 2011 e en www.edu.xunta.es.

Premios fin de carreira en Galicia



Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:19

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos ao alumnado universitario matriculado en calquera dos centros pertencentes a algunha das tres universidades galegas que remataron os estudos de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, no curso académico 2010-2011, co obxectivo de facer un recoñecemento expreso da súa excelencia académica.

Os solicitantes que resulten premiados recibirán:

- Unha contribución en metálico de 2.500 €.
- Un diploma acreditativo desta distinción

Poderán solicitar estas axudas os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes requisitos:

- Posuíren a nacionalidade española ou ser nacional dun dos Estados membros da Unión Europea.
- Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 8,50 puntos, para alumnos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 7,50 puntos, para alumnos da rama de Enxeñaría e Arquitectura.
- Teren rematada a carreira no curso académico 2010/2011.
- En ningún caso o 1.º ciclo dunha titulación de LRU poderá servir de base para a concesión de máis dun premio fin de carreira dunha titulación de ciclo longo.
- Aqueles alumnos que xa obtiveron este premio en anteriores convocatorias, non poderán obtelo de novo.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 24 de febreiro de 2012.

Máis información no DOG do 5 de xaneiro de 2012 e en www.edu.xunta.es.

BOLSAS E AXUDAS → MOBILIDADE

Bolsas do Programa Salvador de Madariaga en Florencia



Martes, 03 Xaneiro 2012 09:03

O Ministerio de Educación convoca 16 bolsas e contratos do Programa Salvador de Madariaga no Instituto Universitario Europeo de Florencia (IUE).

As áreas científicas que poderán ser obxecto dos proxectos a realizar no IUE son:

a) Historia e civilización. Reconsiderando a historia de Europa. Historia da expansión europea. Historia da cultura (séculos XV a XX). A Historia das ideas e a Historia da ciencia. Estado, Economía e Réximes políticos (séculos XV a XX). Historia internacional e Historia da integración europea. Xénero, muller e familia.

b) Economía. Estatística e econometría. Macroeconomía. Microeconomía.

c) Dereito. Europeización do dereito privado. Impacto da constitucionalización e a ampliación sobre o dereito da Unión Europea. Impacto da globalización no dereito internacional e os dereitos humanos: Perspectiva europea.

d) Ciencias políticas e sociais. Transformación de goberno e democracia. Cambio social. Estudo comparativo de políticas públicas. Estructuras políticas e sociais e comportamento. Relacións internacionais e seguridade. Teoría social e política.

A duración máxima das axudas será de corenta e oito meses. As axudas estrutúranse en dous períodos diferenciados, o primeiro en réxime de bolsa e o segundo de contrato en prácticas.

As axudas comprenderán:

Unha dotación económica mensual de 1.400 € durante a fase de bolsa dos dous primeiros anos e de 1.500 € durante a fase de contrato durante o terceiro e cuarto ano.

Unha axuda de viaxe de incorporación para o primeiro e outra para o terceiro ano por un importe total de 700 € cada unha.

Os beneficiarios das axudas serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social e terán a cobertura da asistencia sanitaria do sistema de Seguridade Social.

Requisitos:

- Título de licenciado ou equivalente, en materias xurídicas, económico-empresariais, político-sociolóxicas, ou de humanidades, para a realización do doutorado nos devanditos campos.

- Ter finalizado os estudos despois do 1 de xaneiro de 2003 e ser menor de 35 anos no momento de incorporarse ao Instituto.

- Ter dominio de dúas linguas oficiais da Unión Europea, con preferencia do inglés e/ou francés.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do 10 ao 31 de xaneiro de 2012.

Máis información no BOE do 3 de xaneiro de 2012 e en www.educacion.es.

BOLSAS E AXUDAS → OUTRAS

Uso da lingua galega nos Concello de Galicia



Mércores, 04 Xaneiro 2012 08:37

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca axudas, destinadas a fomentar a prestación dun servizo lingüístico, mediante a súa creación ou o mantemento ou reforzamento dos existentes, ou a promover a planificación e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega, en concellos ou en agrupacións de concellos con poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 4 de febreiro de 2012. Máis información no DOG do 4 de xaneiro de 2012 e en <http://www.eidolocal.es/portal>.

Creación e mellora de microempresas de aproveitamentos forestais



Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:39

A Consellería do Medio Rural convoca axudas para a creación e mellora de microempresas de aproveitamentos forestais.

Consideranse microempresas, aquelas empresas que ocupan menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Poderán ser subvencionables os investimentos relativos ás operacións de aproveitamento dos produtos forestais (madeira, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, biomasa e outros produtos forestais).

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria estará aberto ata o 5 de febreiro de 2012.

Máis información no DOG do 5 de xaneiro de 2012 e en <http://mediorural.xunta.es>.

EMPREGO EMPREGO PUBLICO

Técnico superior de análise de superficies

Martes, 03 Xaneiro 2012 07:59

A Universidade de Vigo fai unha convocatoria para a cobertura temporal dunha praza na categoría de técnico superior de análise de superficies.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 16 de xaneiro de 2012.

Máis información no DOG do 29 de decembro de 2011 e en http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PAS/emprego/xerais/index.html.

Persoal para o Concello de Oroso

Martes, 03 Xaneiro 2012 12:13

O Concello de Oroso fai unha convocatoria para cubrir baixo a modalidade de contrato laboral temporal así como para a creación de bolsa de emprego, das seguintes prazas:

- Oficial de primeira: título de graduado escolar, ESO ou equivalente ou titulación superior. Estar en posesión do carnet de conducir clase B.
- Operario de limpeza: título de certificado de escolaridade ou titulación superior. Estar en posesión do carnet de conducir clase B.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 13 de xaneiro de 2012.

Máis información no BOP da Coruña do 2 de xaneiro de 2012 e na omix de Oroso, teléfono 981 690 903

Técnico de sistemas de información e comunicacións no Porto de Vilagarcía

Mércores, 04 Xaneiro 2012 08:4

A Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa convoca concurso-oposición libre para cubrir unha praza de Técnico de sistemas de información e comunicacións.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 24 de xaneiro de 2012.

Máis información no DOG do 4 de xaneiro de 2012 e en www.portovilagarcia.es.

Responsable de Policía Portuario no Porto de A Coruña

Mércores, 04 Xaneiro 2012 08:48

A Autoridade Portuaria de A Coruña convoca concurso de méritos-oposición libre para cubrir unha praza de Responsable de Policía Portuario.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 23 de xaneiro de 2012.

Máis información no BOP de A Coruña do 3 de xaneiro de 2012 e en www.puertocoruna.com.

URXENTE!!: Veterinario para el Centro Ecuestre de Antela

Mércores, 04 Xaneiro 2012 09:07

A Deputación Provincial de Ourense convoca unha praza de un veterinario para o Centro Ecuestre de Antela.

O prazo estará aberto durante 3 días, ou sexa, ata o 7 de xaneiro de 2012.

Máis información no BOP de Ourense do 4 de xaneiro de 2012 ou na Deputación de Ourense, teléfono 988 385 100.

Auxiliar Administrativo en Boborás

Xoves, 05 Xaneiro 2012 10:40

O Concello de Boborás convoca oposición libre para cubrir unha praza de Auxiliar Administrativo.

As bases están publicadas no Boletín Oficial de Ourense número 278, de 10 de decembro de 2011.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012

Máis información no BOE do 5 de xaneiro de 2012.

Prazas no Concello de Ortigueira

Xoves, 05 Xaneiro 2012 10:54

O Concello de Ortigueira convoca oposicións par cubrir as seguintes prazas:

- 3 prazas de administrativo (promoción interna)
- 2 prazas de Operarios

As bases están publicadas no Boletín Oficial da Coruña de 23 de decembro de 2011.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012.

Máis información no BOE do 5 de xaneiro de 2012 e na OMIX de Ortigueira, teléfono 981 400 000.

Auxiliar Administrativo no Concello de Abanto-Zierbena en Biscaia

Xoves, 05 Xaneiro 2012 11:03

O Concello de Abanto-Zierbena convoca oposición libre para cubrir 4 prazas de Administrativo. As bases están publicadas no Boletín Oficial de Biscaia de 27 de decembro de 2011. O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012. Máis información no BOE do 5 de xaneiro de 2012.

Técnico superior de investigación na Universidade de Santiago

Xoves, 05 Xaneiro 2012 11:07

A Universidade de Santiago de Compostela convoca probas selectivas para cubrir 1 praza de Técnico superior de investigación. As bases están publicadas no DOG do 22 de decembro de 2011. O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012. Máis información no BOE do 5 de xaneiro de 2012.

Concurso de acceso a prazas de corpos docentes da Universidade de Coruña

Xoves, 05 Xaneiro 2012 11:13

A Universidade da Coruña convoca concurso para acceder ao corpo docente. Requisitos: estar acreditado ou habilitado para o corpo docente universitario de que se trate, cumprir os requisitos establecidos no artigo 4 do RDCA e non se achar incurso na prohibición do apartado 4 do artigo 9 do mesmo RDCA. As áreas de coñecementos son Tecnoloxía da Información e Comunicacions e Matemáticas.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012. Máis información no BOE do 5 de xaneiro de 2012.

Xuíz de paz do Concello de A Mezquita

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:28

O Concello de A Mezquita fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz substituto. Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento. Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012. Máis información no BOP de Ourense do 7 de xaneiro de 2012

Xuíz de paz do Concello de Gondomar

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:34

O Concello de Gondomar fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz suplente. Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento. Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012. Máis información no BOP de Pontevedra do 9 de xaneiro de 2012.

EMPREGO ▶ EMPREGO PRIVADO

Traballo en hoteis de Iberostar

Mércores, 04 Xaneiro 2012 09:43

A Red Eures organiza a convocatoria para postos en máis de 100 hoteis da cadea Iberostar en 28 países, incluída España (Andalucía, Canarias e Baleares).

As entrevistas realizaranse en Sevilla os días 21 e 22 de febreiro de 2012. Tamén en Zaragoza (ofertas.compromisocaspe@aragon.es), Madrid (eures-madrid-deluis@sepe.es), Valladolid (eures-valladolid.perez@sepe.es) e Palma (eures@sib.caib.es). participar na selección, as persoas interesadas deberán enviar o seu currículo vitae, en formato Europass, ter un nivel alto de idiomas (inglés ou alemán) e dispoñer de flexibilidade xeográfica.

A contratación será para a tempada 2012 (de abril a outubro). Son imprescindible coñecementos de inglés e/ou alemán e flexibilidade xeográfica.

Os postos requiridos son os de:

terapeutas de SPA (titulación de fisioterapia), masaxistas, perruqueiros/as axudantes de dirección (polo menos un ano de experiencia en posto similar) animadores/bailaríns (valorarase experiencia), animador/adestrador (un ano de experiencia), animadores (valorarase experiencia), guías turísticos de actividade (organización de actividades ao aire libre e dentro do hotel) e cantantes e músicos (valorarase experiencia).

Para a solicitude dos devanditos postos é necesario enviar o currículo vitae en inglés, formato Europass (<http://europass.cedefop.europa.eu>).

Prazo: data límite para presentar o currículo en Sevilla é o 13 de febreiro de 2012, en Zaragoza, Madrid e Valladolid o 6 de febreiro e en Palma o 16 de febreiro.

Máis información na Red Eures: <http://ec.europa.eu/eures/>.

Oficial primeira construción

Mércores, 04 Xaneiro 2012 11:11

Necesítase oficial de primeira construción.

Zona Porriño-Vigo.

Teléfono:699.488.123.

Faro de Vigo,mércores 4 de xaneiro de 2012.

Perruqueira con experiencia zona Baiona

Mércores, 04 Xaneiro 2012 11:12

Ana Rial necesita perruqueira con experiencia e coñecementos de estética.

Zona Baiona.

Teléfono: 666690850.

Faro de Vigo, mércores 4 de xaneiro de 2012.

Camareira para cafetería

Mércores, 04 Xaneiro 2012 11:13

Polígono de Mos.

Teléfono: 986.486.966.

Faro de Vigo,mércores 4 de xaneiro de 2012.

Rapaza para asesoría empresas en Vilagarcía

Mércores, 04 Xaneiro 2012 11:14

Enviar c.v a: Inmogestión, rúa Colón,1, entreplanta.

Vilagarcía de Arousa.

Faro de Vigo,mércores 4 de xaneiro de 2011.

10 comerciais securitas direct

Mércores, 04 Xaneiro 2012 11:14

Menores de 35 anos.

Soldo fixo máis comisións.

Enviar curriculum a: seleccion.vigo@securitasdirect.es.

Faro de Vigo,mércores 4 de xaneiro de 2012.

Persoal para xamonería

Mércores, 04 Xaneiro 2012 11:15

Imprescindible experiencia.

Presentarse na rúa, Fernando Macías, n 10, 1 A3 de 10.30 a 14.30

La Voz de Galicia, mércores 4 de xaneiro de 2012.

Contable Bergondo

Mércores, 04 Xaneiro 2012 11:15

Contable para impostos, nóminas, contabilidade.

Media xornada.

Con experiencia.

Bergondo.

Teléfono:666.591.022.

La Voz de Galicia, mércores 4 de xaneiro de 2012.

Monitores/as para a Ruta Quetzal BBVA 2012

Mércores, 04 Xaneiro 2012 13:31

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e BBVA seleccionan monitores/as para a Ruta Quetzal BBVA 2012.

Requisitos:

- Ter entre 22 e 30 anos.
- Titulación universitaria superior.
- Posuir o título de socorrista acuático e terrestre.

Prazo: 16 de febreiro de 2012.

A expedición percorrerá Colombia e España do 19 de xuño ao 23 de xullo de 2012, pero os monitores/as seleccionados desenvolverán a súa actividade como voluntariado de forma intensiva e continua dende o 18 de xuño ata o 30 de xullo de 2012.

Máis información en <http://www.rutaquetzalbbva.com/TLRQ/index.php?id=343>.

Perruqueira

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:47

Necesítase profesional de perruquería.

Mínimo 3 anos de experiencia.

Teléfono: 646.280.480.

La Voz de Galicia, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Camareira restaurante

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:48

Restaurante italiano necesita camareira profesional.

Fixa.

Teléfono: 658.656.367.

La Voz de Galicia, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Persoal de limpeza

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:49

Empresa de limpeza busca persoal feminino.

Zona Coruña.

Incorporación inmediata.

Teléfono: 629.359.478; ou enviar c.v ao fax: 981.560.160.

La Voz de Galicia, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Cociñeira para asador en Nigrán

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:49

Teléfono: 605.032.611.

Faro de Vigo, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Dependentia

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:50

Boa presenza.

Presentar c.v en Sposa Novias, rúa marqués de Valladares, n 1.

Faro de Vigo, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Comercial para zona de Vigo

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:51

Imprescindible coche propio.

Enviar c.v a: vigo@formacionalfer.com ou chamar ao teléfono: 986.135.256.

Faro de Vigo, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Persoal polivalente para pequenas reparacións

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:52

Empresa require persoal polivalente con coñecementos de fontanería e electricidade para realizar pequenas reparacións.

Enviar c.v: oficentral347@hotmail.com ou en rúa Venezuela, 17, baixo.

Faro de Vigo, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Axudante de cociña Santiago

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:52

Con experiencia.
Informan na rúa Franco, nº 41.
Santiago de Compostela.
El Correo Gallego, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Perruqueira para Santiago

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:53

Con experiencia.
Teléfono: 981.577.100.
El Correo Gallego, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Cociñeira

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:53

Media xornada.
Teléfono: 606.441.403.
El Correo Gallego, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Camareira Santiago de Compostela

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:54

Para La Cava de St James, Rep do Salvador, 28.
Santiago.
El Correo Gallego, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Camareira Montouto

Xoves, 05 Xaneiro 2012 09:55

Para as tardes dos martes e mércores e fins de semá e festivos.
Teléfono: 981.104.044.
El Correo Gallego, xoves 5 de xaneiro de 2012.

Perruqueiro de cabaleiros

Luns, 09 Xaneiro 2012 08:57

Con experiencia en corte e afeitado.
Teléfono: 618.037.331/981.290.401.
A Voz de Galicia, luns 9 de xaneiro de 2012.

Perruqueira e esteticista

Luns, 09 Xaneiro 2012 08:57

Con experiencia.
35 horas á semana.
Teléfono: 615.200.407. Correo: oficinavrl@hotmail.com.
A Voz de Galicia, luns 9 de xaneiro de 2012.

Titores de formación a distancia

Luns, 09 Xaneiro 2012 08:58

En diversas materias.
Enviar curriculum a: rrhh@grupofomate.es.
A Voz de Galicia, luns 9 de xaneiro de 2012.

Teleoperadoras comerciais

Luns, 09 Xaneiro 2012 08:59

Empresa selecciona teleoperadoras comerciais.
Mínimo bacharel ou equivalente.
Interesados concertar cita no teléfono: 981.120.377.
A Voz de Galicia, luns 9 de xaneiro de 2012.

4 telefonistas Vigo

Luns, 09 Xaneiro 2012 08:59

Por ampliación de departamento de empresa.

Ofrécese:

Contrato de 40 horas á semana.

Soldo fixo.

Incorporación inmediata.

Seguridade social.

Interesadas chamar o luns a partir das 10:30 horas ao teléfono: 986.48.30.46 (preguntar por Sra Beatriz).

Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.

Oficial l' caldeireiro

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:00

Para Ucalsa-

Imprescindible experiencia en aluminio e aceiro inoxidable.

Teléfono: 986.23.88.65.

Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.

Auxiliar de odontoloxía Vigo

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:01

Para clínica dental consolidada en Vigo.

Con ou sen experiencia. O estudante.

Interados chamar ao teléfono: 629.792.489 ou escribir ao correo electrónico: odoselect@terra.es.

Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.

Enxeñeiros de produto con experiencia

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:01

Empresa multinacional da Industria de Automoción área de Vigo busca enxeñeiros de Produto con experiencia.

Remuneración segundo valía.

Interesados enviar c.v a: seniorproductengineer11@gmail.com.

Consultar no faro de Vigo, domingo día 8 de xaneiro de 2012.

Persoal herboristería Vilagarcía

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:02

"Shambala" herboristería_tienda ecolóxica, selecciona persoal para o seu novo centro de Vilagarcía.

Teléfono de contacto: 629.78.03.31.

Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.

Pasteleiro ou axudante Nigrán

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:02

Teléfono: 986.365.785/ 650.450.893.

Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.

Odontolog@ Vigo

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:03

Enviar curriculum a: ofertadental@hotmail.com.

Teléfono: 685.639.022.

Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.

Panadeiro Vigo

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:04

Deixar c.v en Rúa Doctor Carracido, n 121. Vigo.

Teléfono: 986.378.507.

Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.

Axudante de camareiro Porriño

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:04

Vehículo propio e experiencia.
Antonio Palacios, 154.
Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.

Teleoperadoras Vigo

Luns, 09 Xaneiro 2012 09:05

Empresa nacional.
Media xornada.
Soldo fixo máis incentivos.
Solicitar entrevista no teléfono: 986.493.089.
Faro de Vigo, domingo 8 de xaneiro de 2012.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net